



EDIFICIO/VIVENDA UNIFAMILIAR	EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

De acordo co establecido na convocatoria do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, **COMUNICA** o remate das obras previstas na resolución de concesión:

COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS	ANUALIDADE			
<input type="checkbox"/> FINAL	<input type="checkbox"/> 2022	<input type="checkbox"/> 2023	<input type="checkbox"/> 2024	<input type="checkbox"/> 2025

NOME DA EMPRESA QUE EXECUTOU AS OBRAS	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOMICILIO

O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas de *minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de *minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas de *minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

3. Que, en relación co IVE do investimento total (custo da actuación):

- O solicitante é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.
- O solicitante non é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial do IVE.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos ditos artigos relativa á obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

5. Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Que a empresa non está en crise, de acordo coa definición de “empresa en crise” que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 651/2014, do 17 de xuño de 2014, se é o caso.

7. No caso de persoas xurídicas de natureza privada, que se encontran debidamente constituídas, conforme coa normativa que lles resulte de aplicación.

8. Que se atopa ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e do Concello de As Neves.

9. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

10. Que todos os datos contidos nesta comunicación son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Para a comunicación de execución final das actuacións, deberá presentarse (se non presentou con anterioridade):

- a) Proxecto da obra realmente executada, no caso de que as actuacións requiran proxecto.
- b) Licenza urbanística, comunicación previa con unha declaración responsable que non foi requirida polo concello para a súa emenda ou nº de expediente de licenza municipal.
- c) Certificado final da obra subscrito pola dirección facultativa e a dirección da execución da obra, se é o caso.
- d) Certificado da instalación térmica, se é o caso, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellería competente en materia de industria.
- e) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme co esixido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e a data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e subscrita por persoa técnica titulada competente autora do proxecto ou da dirección facultativa da execución da actuación. Nela farase constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación.
- f) Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez realizadas as actuacións realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEED).
- g) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor, e onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente, de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, en que conste claramente o título do proxecto e a denominación e a imaxe do Programa e que mencione a axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o logo da UE e o lema «Unha maneira de facer Europa».
- h) Declaración responsable que inclúa detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada coa indicación do importe e a súa procedencia.
- i) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas.
- j) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados.
- k) Cando a axuda concedida fose inferior a 100.000 euros e de maneira opcional, poderá entregarse unha conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto, segundo o previsto nos números 1 e 2. a), b), e), e f) do artigo 72 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Neste suposto non será obrigatorio xuntar a documentación que se indica nas letras e) e i) anteriores.
- Opcionalmente**, poderá entregarse a conta xustificativa coa achega dun informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 50 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento co Concello de As Neves	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NON

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

ILMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES